

Ordenanza fiscal nº 10 – Taxa por servizos especiais

Artigo 1.- Feito imponible¹

O feito imponible desta taxa está constituído pola prestación dos seguintes servizos especiais de competencia municipal:

- a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calquera outro que sexa motivado pola celebración de espectáculos e esparcementos públicos que pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoquen ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída do público e vehículos, así o esixan.
- b) Condución, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través das vías públicas do Municipio.
- c) Extinción de incendios e alarmas destes, accidentes de tráfico, afundimentos totais ou parciais de edificios, instalación e construción, ruínas ou prevención destas, derrubas, inundacións, actuacións derivadas das redes de subministro, saneamento, alumeadado público, actos vandálicos, salvamentos, calquera outra actuación derivada dunha emerxencia e outros análogos; ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio de suxeito pasivo.
- d) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria prestado polo Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil ou polos servizos municipais, na materia obxecto desta taxa.
- e) As actuacións que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran realizadas polo persoal do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil e/ou polos servizos municipais a requirimento dos interesados.
- f) Calquera outro servizo que sexa motivado por actividades que esixan a súa prestación, quedando incluídos entre estes, os traballos que xere a invasión da vía pública ou terreos de uso público.

Non estarán suxeitos a esta taxa os seguintes servizos:

- a) Os realizados no termo municipal de Culleredo, a instancia de xuíces, forzas de seguridade e outras autoridades no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou á seguridade xeral.
- b) Os prestados en beneficio da xeneralidade da poboación do municipio nos casos de catástrofe ou calamidade pública apreciada e declarada oficialmente pola Corporación.
- c) As saídas dos medios do Departamento que non cheguen a utilizárense, sempre e cando non foran requiridos polo suxeito pasivo.

Artigo 2.- Suxeito pasivo²

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos servizos ou actividades locais que constitúen o feito imponible da taxa, a título enunciativo e non limitativo aqueles que sexan
 - a) Titulares, empresarios ou organizadores dos espectáculos e esparcementos que motiven a prestación dos servizos especiais.
 - b) Propietarios da empresa que realice os servizos de transporte ou, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.
 - c) Peticionarios dos demais servizos especiais e quen os provoquen ou resulten beneficiarios dos mesmos, aínda que non os soliciten.

En caso de intencionalidade ou negligencia (actos vandálicos) considérase suxeito pasivo contribuínte o causante do feito imponible.

Non terán a condición de suxeitos pasivos contribuíntes as asociacións de veciños nin as entidades sen ánimo de lucro que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte na prestación de servizos de extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derrubas, accidentes de tráfico, salvamentos, e en xeral de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

En caso de que os bens non se encontrasen asegurados, será substituto do contribuínte, o propietario do inmovible, quen poderá repercutir a débeda tributaria sobre os respectivos beneficiarios ou afectados (usufructuarios, inquilinos e arrendatarios).

3. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da referida Lei Xeral Tributaria.

¹ Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 26/09/2013. Publicación no BOP nº 243, de 23/12/2013. En vigor dende o 01/01/2014.

² Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 26/09/2013. Publicación no BOP nº 243, de 23/12/2013. En vigor dende o 01/01/2014.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da devandita Lei Xeral Tributaria.

4. No caso de prestación de servizos a que se refire a presente ordenanza fora do termo municipal, que só se levará a cabo logo da solicitude expresa do Alcalde, Concelleiro delegado, Responsábel do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do respectivo municipio ou do CAE 112 Galicia e previa autorización específica do Alcalde, Concelleiro delegado ou Responsábel do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil desta corporación, o suxeito pasivo, na súa calidade de beneficiario do servizo prestado e solicitante do mesmo, será a Entidade pública que solicite a prestación do servizo.
5. Os cidadáns que obteñan ingresos anuais inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional, os que sexan beneficiarios do RISGA e os acollidos a rexímenes protectores de carácter público análogos aos mencionado, e previo informe do departamento de servizos sociais, non terán que aboar a taxa por servizos especiais.

Artigo 3.- Cota tributaria³

A cota tributaria determinarase en función dos efectivos persoais e materiais que se usen na prestación de servizo e do tempo investido na mesma, de acordo coas seguintes tarifas:

Horario diúrno (de 8:00 h a 20:00 h). Días non festivos nin domingos	
Por policía, bombeiro, funcionario municipal ou persoal laboral dependente do Concello de Culleredo por hora ou fracción:	26,00 €
Por cada voluntario da Agrupación de voluntarios de protección civil	3,00 €
Por cada vehículo municipal usado por hora ou fracción:	
Motocicletas, vehículo lixeiro e análogos (VL),	21,00 €
Automóbiles, vehículo lixeiro de intervención (VLI), bomba urbana ou forestal lixeira (BUL), pala retroexcavadora o tractor, e análogos	41,00 €
Camións, bomba urbana ou forestal pesada (BUP) e análogos	61,00 €
Vehículos especiais	105,00 €
Equipos	
Equipo de rescate en estrada, en altura ou acuático, por hora ou fracción	40,00 €
Grupo electrógeno ou bomba de achique de explosión, por hora ou fracción	40,00 €
Cámara térmica, por hora ou fracción	25,00 €
Xerador de espuma, por hora ou fracción	25,00 €
Bomba de achique eléctrica, por hora ou fracción	15,00 €
Equipo de respiración autónoma (ERA), por hora ou fracción	15,00 €
Motoserra ou calquera outro aparello de man, por hora ou fracción	15,00 €
Botella de aire comprimido respirábel, por cada unidade utilizada	15,00 €
Detector de gases, por hora ou fracción	15,00 €
Material funxíbel	
Extintor, por cada unidade utilizada	40,00 €
Botella de aire comprimido respirábel, por cada unidade utilizada.	15,00 €
Secante ou absorbente, por cada kg ou fracción	15,00 €
Escumóxeno, por cada litro ou fracción utilizada	10,00 €
Dispersante, por cada litro ou fracción	10,00 €

³ Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2011. Publicado no BOP num 229, de 01/12/2011

- A tarifa mínima pola prestación dos servizos será de 35 euros.
- A cota tributaria total será a suma das correspondentes ás dos epígrafes da tarifa.
- Na extinción de incendios en locais que teñan substancias tóxicas, inflamabeis ou explosivas en condicións non permitidas, polas disposicións aplicabeis, as cotas incrementaranse nun 100%.
- As taxas liquidadas por extinción de incendios en locais comerciais ou industriais sufriran unha recarga do 50%.
- O tempo de prestación efectiva dos servizos computarase tomando como momento inicial o da saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos e como final o da entrada nos mesmos, unha vez que se conclúe o servizo.
- Días festivos ou domingos.
As cotas do punto 1 anterior, incrementaranse nun 50%.
- Horario nocturno (de 20:00 h a 24:00 h, e de 0:00 h a 8:00 h)
As cotas dos puntos 1 e 2 anteriores, incrementaranse nun 100%.

Artigo 4.- Devengo⁴

Devéngase a taxa cando se inicia a prestación do servizo. Enténdese iniciada a prestación do servizo cando saia da base a dotación correspondente.

Artigo 5.- Xestión⁵

1. Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza presentarán un escrito dirixido á Alcaldía determinando día, hora e o lugar en que debe ser prestado o servizo, o seu contido e a súa duración prevista. A petición deberá formularse cunha antelación mínima de oito días.

Nestes casos, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O pagamento da autoliquidación deberá efectuarse previamente á realización do servizo.
2. A realización do servizo sen petición expresa previa, será obxecto de liquidación de acordo cos datos que certifiquen os servizos municipais actuantes ou o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil. A liquidación así efectuada será notificada ao suxeito pasivo para ingreso directo na forma e prazos sinalados polo Regulamento Xeral de Recadación e a Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 26/10/1999, 07/11/2000, 27/11/2001, 29/10/2002, 25/02/2003, 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 28/09/2010 e 29/9/2011. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 26/09/2013. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

⁴ Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 26/09/2013. Publicación no BOP nº 243, de 23/12/2013. En vigor dende o 01/01/2014.

⁵ Artigo modificado mediante acordo plenario en sesión celebrada o 26/09/2013. Publicación no BOP nº 243, de 23/12/2013. En vigor dende o 01/01/2014.